



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2023/1
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- CASA DO CONCELLO, LUNS 13 DE FEBREIRO DE 2023 -

No día de hoxe, ás 21:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

MONICA VILELA VILELA
OLALLA BENLLOCH LEMA
JAVIER ROMAR ALVARELLOS
MANUEL CARAMES LOPEZ
SOFIA LOPEZ SIMON

AUSENCIAS:

TANIA ROMERO GARCIA
IRMA LUCIA GARCIA BARCIA
CARLOS FERNANDEZ CONCHEIRO
SANDRA VILELA RIVEIRO
JAVIER LEMA SUAREZ

SECRETARIA: ROSA ANA GARCIA FERNANDEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1.-Aprobación da Acta da sesión anterior
- 2.-Proposta POS 2023 (previa ratificación de inclusión na Orde do Día)
- 3.-Proposta POS- Adicional 1/2023-Gastos sociais extraordinarios (previa ratificación de inclusión na Orde do Día)
- 4.-Convenio selección postos de Policía Local (previa ratificación de inclusión na Orde do Día)

1.-Aprobación da Acta da sesión anterior

A acta da sesión anterior queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.

2.- Proposta POS 2023 (previa ratificación de inclusión na Orde do Día)

Segundo o establecido no ROF, dado que os asuntos foron incluídos na Orde do Día sen dictame da Comisión Informativa, antes de entrar no seu debate, o Pleno debe de manifestarse sobre a ratificación da súa inclusión na Orde do Día.



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Inicia a intervención Dna Sofía Lopez que actúa como voceira do PP: "Votarei en contra e elo porque este tema xa se sabía que debía de tratarse en Pleno e debe facerse informativa. É un dereito da oposición ter tempo para estudar os asuntos, dar ideas, etc. Ao traer este asunto a pleno sen informativa previa, se nos está negando o dereito de participación e tamén somos representantes dos veciños".

Seguidamente intervén Dna Mónica Vilela: " Paréceme increíble que este asunto se coñeza desde decembro e sabía que debería entregarse todo en febreiro. Vostede non é novato e por iso imos abstermos."

Sometida a ratificación da inclusión do punto na Orde de día a votación, queda aceptada cos votos a favor do grupo municipal PSOE (3), a abstención do Sr Caramés e Sra Mónica Vilela e o voto en contra de Dna Sofía López.

O punto débátese:

Intervén Dna Sofía López: " Absterémonos e vou dicir por que: Prometera negociar os POS coa oposición e así consta en acta. O trato que das a oposición non é axeitado, non estamos aquí de adorno e non deixarnos participar é grave.

Ademais o POS non nos gusta porque esa cantidade de diñeiro cremos que ten que invertirse en obras non unha parte en gasto corrente. Propuxemos facer unha mesa de diálogo no seu día e demos unha serie de obras importantes entre as que estaba a segunda fase da auga de Morpeguite, que segue sen auga. Demos outras ideas como a rehabilitación do polideportivo, o saneamento de Añobres, os Camiños en Vilarmide, os Accesos a Cibrán e Castro, etc, e non estamos de acordo que eses 273.000 euros non se invirtan en obras como por exemplo a Auga de Suxo, que di que empeza agora a primeira fase pero que o proxecto non é o inicial é un proxecto de 700.000€ e esta fase costa 180.000€. ¿Como ten pensado acadar o diñeiro para facer o resto ?. Por qué non meteu neste POS máis fases desta obra? . Non explica o que pensa facer e eso fainos dubidar do que di. Dixemos que en 2022 non ía empezar a obra e así foi. Falou de promesas cumpridas, de levar a auga a Suxo e nesta lexislatura non vai ser así."

Intervén seguidamente Dna Mónica Vilela: " Volvo a dicir o de antes, leva catro anos de Alcalde e debería saber como funciona un Concello. Non fai informativas e polo tanto néganos o dereito a facer preguntas traendo ao Pleno o asunto xa para votalo. É un Plan pobre, non é ambicioso. Xa lle dixemos que as subvencións son para facer obras grandes, para o resto está o orzamento. Destina máis en gasto corrente que en obras , se non se traballa non se pode ter un POS con xeito."

Contesta o Sr Alcalde: " Vostedes, Sra Sofía, dixeron que non se ía cumprir co da auga de Suxo, que non había nin proxecto nin permisos e non é así. ¿Non lle parece importante a limpeza do Concello que vai nese gasto corrente?. Non queren que se pague con remanente nin con POS? Cómo queren que paguemos. Sacamos fondos para un plan de emprego de limpeza. Estamos a facer as obras para que Suxo teña a auga, recoñezo o traballo de D Gonzalo Trenor, da Xunta e de aí debe de intuir que todo chegará a bo porto."

Sometido o asunto a votación, o Pleno por tres votos a favor do grupo municipal PSOE, e a abstención do resto dos integrantes do pleno presentes, acorda:



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023", "achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	273.044,74
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	
Subtotal gasto corrente	273.044,74

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Deputación	Concello			Orzamento total
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal	0	0	0	0	0



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
investimentos achega provincial 2023					
ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
<i>Pavimentación viario de Alberguería a Castelos</i>	97.042,44	0	0	0	97.042,44
<i>Pavimentación viario Vilela de Nemiña a Praia de Nemiña</i>	55.224,57	0	0	0	55.224,57
<i>Suministro Marquesinas</i>	6.300,42	0	0	0	6.300,42
Subtotal investimentos achega provincial 2022	158.567,43	0	0	0	158.567,43

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

A) Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade	PRÉSTAMO PROVINCIAL
-----------------	----------------------------



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

<i>financeira</i>	2023 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	0

B) Resumo:

		Concello				
	POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	Orzamento Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	273.044,74				273.044,74
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023					
	Achega 2022	158.567,43	0	0	0	158.567,43
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023					



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

D- TOTAL	Achega 2023	273.044,74	273.044,74	0	0	273.044,74
	Achega 2022	158.567,43	158.567,43	0	0	158.567,43
	Préstamo 2023					
	TOTAL	431.612,17	0	0	0	431.612,17

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)	(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	(C= A-B) Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)
Acondicionamento vial Quintáns a Praia de Lago	71.855,93		
Pavimentación viarios acceso núcleo de Touriñán	74.829,33		
Acondicionamento punto recollida e tratamento residuos punto limpo	44.970,43		
TOTAIS	191.655,69	0	0



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

3.- *Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

4.- *Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.*

5.- *Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.*

6.- *Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.*

7.- *Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

8.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."*

3.-Proposta POS- Adicional 1/2023-Gastos sociais extraordinarios (previa ratificación de inclusión na Orde do Día).

Segundo o establecido no ROF, dado que os asuntos foron incluídos na Orde do Día sen dictame da Comisión Informativa, antes de entrar no seu debate, o Pleno debe de manifestarse sobre a ratificación da súa inclusión na Orde do Día.

Dna Sofía López e Dna Mónica Vilela manifestan que dan por reproducidos os seus argumentos ao respecto do punto 2.

Con idéntido resultado de votación, ratifícase a inclusión deste punto na Orde do Día, comezando o seu debate.

Intervén Dna Sofía López: " Entendo que esos 79.631 euros son para mellorar as necesidades de financiamento do SAF pero non teño máis información ao respecto de qué necesidades hai, cantos usuarios, cantas horas, etc, e interésame saber esos detalles. Cremos que o SAF debe licitarse e analizar as necesidades dese servizo."

O Sr Alcalde responde: " Creo que vostede pertence ao PP que goberna na Xunta, e é a Xunta quen ten estas competencias e debería de pagar o 100% do servizo, e poderíamos dedicar ese diñeiro a obras."



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

Dna Sofía López replica: “ Se a competencia é da Xunta é o seu traballo como Alcalde acadar que se faga cargo delo”.

Volve a intervir o Sr Alcalde: “ Estamos a facer que ese servizo sexa de calidade e seguirei levando a cabo as competencias de coidados aos maiores porque creo que é necesario, e eso non implica que non o reclame.”

Sometido o asunto a votación, o Pleno por tres votos a favor do grupo municipal do PSOE, e a abstención do resto dos integrantes do pleno presentes, acorda:

*Participar no Plan Provincial de Cooperación POS + Adicional 1/2023 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas bases son coñecidas e aceptadas na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais indicados a continuación: Gastos sociais extraordinarios. Gasto corrente:
Para cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.
Importe: 79.638,05€.*

4.-Convenio selección postos de Policía Local (previa ratificación de inclusión na Orde do Día).

A Secretaria explica que se somete a consideración plenaria la proposta de Adhesion ao Convenio coa Xunta para a selección de vacantes de postos de Policía Local, do que os integrantes do Pleno teñen copia.

Sen xerarse debate e por unanimidade o Pleno acorda:

*-Aprobar o convenio para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, da convocatoria e desenvolvemento dos procesos para o acceso ao corpo de Policía Local e Auxiliares adheríndose a el, e delegando na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías de Policía Local e Auxiliares de Policía Local.
-Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura do mencionado convenio e todas as actuacións referencias a este asunto.*

Ás 21:52 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que eu Secretaria dou fe.

Concello de Muxía, mércores 15 de febreiro de 2023

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

FIRMADO POR Rosa Ana García Fernández (FECHA: 22/02/2023 09:22:00) , Santiago Manuel Toba Campaña (FECHA: 22/02/2023 10:47:00)

Versión imprimible

CVD: 70KQdxPK9eUKMozZzxCH

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.